




A ÁREA SANITARIA DE VIGO SÚMASE Á SEMANA MUNDIAL DA INCONTINENCIA

- *Trátase dunha enfermidade que provoca vergoña e perda de autoestima, pero que, fronte á opinión estendida, ten tratamento eficaz na maior parte dos casos*
- *Segundo o doutor Müller, do Servizo de Uroloxía do CHUVI, "Somos un centro pioneiro en Galicia en ofrecer un novo tratamento menos invasivo contra a incontinencia feminina"*
- *Estímase que, un 60% da poboación de persoas maiores de 60 anos padecen incontinencia urinaria en maior ou menor grao, mentres un 15% da poboación maior de 70 anos padecen incontinencia fecal, que chega a un 80% en casos de persoas institucionalizadas con demencia*

Vigo, 21 de xuño de 2024.- Os servizos de Uroloxía e a Unidade de Coloproctoloxía do Servizo de Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo da Área Sanitaria de Vigo súmanse ao longo destes últimos días á Semana Mundial da Incontinencia Urinaria e Fecal, convocada co fin de difundir entre as, e os, pacientes que sofren esta doenza a existencia de tratamentos moi eficaces e terapias actualizadas, transmitir a proximidade dos responsables en Saúde a súa situación, favorecer a adherencia aos tratamentos e sensibilizar á cidadanía sobre a presenza desta enfermidade que, en moitos casos, xera medo, depresión, ansiedade, perda de autoestima e vergoña entre as persoas que a padecen.



De esquerda a dereita, o doutor Carlos Müller, o doutor Enrique Moncada, e o doutor Vincenzo Vigorita

Esta incontinencia non só afecta á ouriña, senón que tamén se presenta en casos de incontinencia fecal, cos trastornos que isto supón para quen a padece. Esta celebración abrangue dende o día 17 ao 25 de xuño.



Animar a achegarse ás consultas

A incontinencia urinaria está definida como calquera perda involuntaria de ouriña. Estímase que, un 60% da poboación de persoas maiores de 60 anos a padecen en maior ou menor grao. Aínda así, son poucas as persoas que se atreven a consultalo (tan só 4 de cada 10 persoas que a padecen), en moitos casos porque está asumido como un síntoma da idade, ou ben por vergoña ou descoñecemento.

Os factores que poden predispor a unha persoa a padecer incontinencia son idade avanzada, menopausa, partos, ou sobrepeso; situacións que poden ser modificadas ou corrixidas.

Tal e como explica o doutor Carlos Müller Arteaga, do Servizo de Uroloxía: "A incontinencia urinaria é unha enfermidade que permanece oculta, polo que hay que animar a quen a sofre en silencio a consultala. Ademais -continuou o doutor Müller-, existen falsas crenzas en torno á incontinencia urinaria, como que os tratamentos non funcionan, que son pouco eficaces ou que non se pode previr a súa aparición ou empeoramento, cando é todo o contrario".

Por outro lado, o doutor Müller fai fincapé en que, ademais dos trastornos propios do e da paciente, "O problema da incontinencia radica no importante deterioro da calidade de vida, na perda de autoestima, na depresión... As persoas mudan os seus hábitos diarios, visten diferente e chegan ata abandonar certas actividades por temor ou vergoña. Por iso -remata o doutor Carlos Müller- é importante animar a aquelas persoas que padecen esta enfermidade a que pidan axuda"

Orixe multifactorial

Nesta mesma idea incide o doutor Enrique Moncada, xefe de Sección da Unidade de Coloproctoloxía do Servizo de Cirurxía Xeral e Dixestiva da Área Sanitaria de Vigo especialista en incontinencia anal, que recomenda achegarse ás consultas para o tratamento dunha doenza que afecta a un 7,7% da poboación "e que -tal e como dí o doutor Moncada esta cifra chega ao 15% en caso da poboación maior de 70 anos, e máis se nos referimos a pacientes institucionalizados (ingresados en residencias), onde chegan ao 35-40%, e moito máis se sofren demencia, no que a porcentaxe pode alcanzar o 80%".

Aínda así -explica o doutor Enrique Moncada, o primeiro que debemos saber é que é unha condición que non forma parte do envellecemento normal, xa que obedece a unha orixe multifactorial. A causa máis común de lesión estrutural dos esfínteres anais é debido a un trauma obstétrico, sendo esta a causa máis frecuente nas mulleres máis novas. No caso de varóns maiores de 70 anos, esta causa máis común derívase do tratamento de radioterapia secundaria por cancro de próstata ou o tratamento en cancro de recto, aínda que os avances tecnolóxicos cada vez conseguen realizar unha cirurxía máis preservadora".



O doutor Moncada remata afirmando que: "Hoxe en día están moi estendidos este tipo de tratamentos pouco invasivos, coa conseguinte mellora da continencia, como son a neuroestimulación, a irrigación ou a rehabilitación do solo pélvico; reservándose estes tratamentos máis agresivos só a casos moi específicos".

Na Área Sanitaria de Vigo realízanse, anualmente, unhas 300 manometrías e ecografías anorrectais para o diagnóstico destes pacientes, mentres que se realizan máis de mil estudos urodinámicos ao ano para diagnóstico e valoración da enfermidade.

"O obxectivo é valorar o mellor tratamento a cada paciente -recorda o doutor Müller-. Somos o centro pioneiro en Galicia en ofrecer un tratamento da incontinencia urinaria feminina minimamente invasiva a través da inxección dun fármaco; unha técnica que desenvolvemos desde hai máis de dous anos con moi bos resultados. Así mesmo, acumulamos a maior experiencia no uso de diferentes próteses e esfínteres artificiais para o tratamento no caso dos varóns".

Ambos os dous facultativos recordan que colaboran coa Asociación de Incontinencia Anal (ASIA).